

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MUSICOLOXÍA



MUSICOLOXÍA

1. Introducción

O itinerario de musicoloxía pretende ofrecerlle ao alumnado unha serie de aspectos xerais para afirmar os coñecementos básicos da metodoloxía da investigación musicolóxica.

Na actualidade, resulta facilmente perceptible o interese despertado pola aplicación dos métodos científicos de investigación a todas as disciplinas, das que a música, nas súas facetas artística e humanística, non pode nin debe manterse á marxe. A investigación musicolóxica vén experimentando no noso país e desde as dúas últimas décadas un enorme pulo, que a levou ata diversos ámbitos educativos. Con esta optativa preténdese facilitar a ordenación destes estudos dentro do ensino especializado do grao profesional, ben como antesala dos estudos universitarios de historia e ciencias da música, ou ben dentro da especialidade de musicoloxía, propia dos conservatorios superiores.

A materia organízase en dous grandes apartados: o primeiro aborda as características esenciais da ciencia, tales como a súa historia, a metodoloxía, as escolas, a visión actual, etc. O segundo trata a investigación musicolóxica, introducindo os métodos de investigación, documentación e edición, e considerando a súa funcionalidade en relación co anterior. Malia a división aparente entre eles, estes dous grandes bloques de contidos non deben ser entendidos como independentes, senón que deben aparecer relacionados nas programacións de aula.

Esta materia, pertencente ao itinerario de musicoloxía, resulta de interese para o alumnado que desexe acceder a esta especialidade, igual que para o que pretenda cursar a de instrumentos da música tradicional e popular galega, debido ao tratamento de contidos introdutorios relativos ás materias de carga teórico-práctica propias desta especialidade. Ademais, considerando o seu enfoque analítico e investigador, é apropiada para calquera estudante que considere de interese o estudo da música desde as súas facetas científica e humanística.

2. Obxectivos

O itinerario de musicoloxía dos estudos profesionais de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Proporcionar unha aproximación á musicoloxía, a través do coñecemento do seu obxecto, a historia, o corpus teórico e a metodoloxía, con vistas a incidir na apreciación musical desde un punto de vista científico.

b) Introducirse na investigación musicolóxica mediante as técnicas de traballo e o emprego das ferramentas propias desta ciencia, para poder plasmar as súas propias investigacións.

c) Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os medios ao seu alcance para ampliar e completar a súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos doutra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos, etc.) adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións, etc.), noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.

d) Establecer uns criterios mínimos á hora de estudar as manifestacións musicais do contorno e valoralas, asumindo un rol activo na súa investigación, na súa recollida e na súa transmisión.

3. Contidos

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1 - Primeira avaliación:

- A musicoloxía: conceptos básicos e metodoloxía.
- Campos de estudo da musicoloxía. Liñas de investigación. Historia da musicoloxía: antecedentes históricos, nacemento da disciplina, escolas e enfoques actuais.
- Métodos de investigación musicolóxica.
- Recursos propios da investigación: procura en bibliotecas, arquivos, etc.
- Formulación de hipóteses e proxectos.

2- Segunda avaliación:

- As fontes: tipos e sistemas de catalogación.
- Organización do traballo: fichas e notas.
- Elaboración de bibliografías.
- Elaboración do traballo: normas de documentación, redacción e organización, catalogación e citas bibliográficas.
- Introducción ás fontes de investigación musicolóxica: organolóxicas, fonográficas, iconográficas e textuais.
- A crítica frontal e a definición dos seus parámetros de interese para a investigación.
- Análise de fontes: iconografía, interpretación e partitura.

3 – Terceira avaliación:

- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico e artístico.
- As profesións da música.
- A iconografía musical.
- As novas tecnoloxías e a investigación musical.
- Planificación e realización de traballos prácticos e comentarios de textos e audicións relacionados coa materia.

2 Criterios de avaliación:

1) Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, as características básicas de cada música estudada, así como dos conceptos básicos da musicoloxía, e referirse a elas de forma correcta. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir o pensamento dos principais autores, así como para distinguir as principais características das músicas tratadas e o tratamento científico das diversas fontes de interese musicolóxico.

2) Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais propias da materia a través da historia da musicoloxía, establecendo a relación co método científico aplicado á investigación musical xerado nesta disciplina. Con este criterio medirase a capacidade do alumnado de establecer relacións globais entre as disciplinas asociadas inseparablemente ao estudo científico da música, tales como a historia, a socioloxía, a antropoloxía, ou etnografía, seguindo os criterios empregados na musicoloxía desde os seus inicios ata os nosos días.

3) Recoñecer, nas audicións e análises propostos, as características básicas das sonoridades vocais, instrumentos, formas, xéneros, estilos..., situándoas en coordenadas xeográfico temporais aproximadas, asociando as súas características musicais cos patróns culturais imperantes, e relacionándoas entre si.- Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar as particularidades propias das fontes tratadas, os distintos estilos, contextos e as súas peculiaridades. Preténdese, así, avaliar a evolución do pensamento crítico do alumnado, no que se refire á súa capacidade de valoración das diferentes músicas estudadas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

4) Identificar o papel desempeñado pola música de forma cotiá, valorando a súa contribución á entidade cultural, así como á súa propia formación e benestar persoal. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para detectar a presenza da música na sociedade, estendendo a súa consideración sobre a música considerada “culta” ata outras formas de expresión musical non presentes nos ámbitos académicos.

5) Recoñecer as circunstancias de todo tipo que inciden na creación e función musical, en épocas, estilos ou autores máis representativos, pasados ou presentes. Este criterio avalía ata que punto o alumnado é capaz de analizar a complexidade de circunstancias e intereses (políticos, culturais, sociais, económicos, ideolóxicos...) que, pola súa importancia, determinan un determinado desenvolvemento, ou situación, musical.

6) Reflexionar sobre o desenvolvemento evidente e acelerado nos consumos de música que se dan na sociedade actual, incidindo nos aspectos sociais máis relevantes e contextualizando o seu desenvolvemento a curto e medio prazo. Este criterio avalía a capacidade do alumno para recoñecerse como 'ser musical' no contorno en que vive, medindo as paisaxes sonoras ao seu alcance e os medios de produción e consumo de música.

7) Recoñecer o papel desempeñado pola música galega, tanto ao longo da historia da música como noutros ámbitos, establecendo relacións entre a música como cultura e as diferentes manifestacións literarias, artísticas, sociolóxicas, etnolóxicas e antropolóxicas de forma sinxela. Este criterio mide a capacidade do alumnado á hora de recoñecer e pormenorizar as obras estudadas, así como para relacionar os aspectos propios da cultura galega, máis aló dos exclusivamente musicais, empregando aqueles coñecementos adquiridos nos estudos de réxime xeral que lle sexan precisos xunto cos xa interiorizados ao longo da súa traxectoria musical, con vistas a obter unha visión conxunta da relación entre a música e a sociedade no seu contorno máis próximo.

8) Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de propor e realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que os motive a interesarse en descubrir e coñecer as metodoloxías habituais na disciplina, así como as súas técnicas (presentación do material documental en traballos científicos, manexo da documentación, arquivos, elaboración de citas...), considerando como máis importante a autenticidade, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas, e non a relevancia ou a oportunidade da temática.

3 Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un traballo obrigatorio acorde cos contidos da materia. As pautas para facer os traballos daranse a principio do curso, polo que os alumnos poderán ir recadando información ao longo deste para a elaboración de calquera dos tres traballos.

Cualificarase cada un dos apartados dos criterios de avaliación do 0 ao 10, e calcularase a media do resultado.

4 Exame de acceso:

Para o acceso entregarase un traballo acorde cos contidos da materia. Os criterios de cualificación deste traballo serán os mesmos que os empregados para as avaliacións.

5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .

Demostrar que se teñen adquiridos os obxectivos ou capacidades de tódalas materias do curso matriculado. Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar dito curso e ao que aspira así como amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor/a reunirase co profesorado de tódalas materias do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.

O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación de matrícula no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das asignaturas, así como as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos de dito proceso. Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo xefe de departamento á Dirección do Centro o cal a trasladará ao Consello Escolar para a súa aprobación.

A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.



6 Bibliografía

Obrigatoria:

RODRIGUEZ SUSO, Carmen: *Prontuario de Musicología*. Clivis Publicaciones, Barcelona, 2002.

Recomendada:

AGUILAR, M^a del Carmen: *Aprender a escuchar música*. Machado Libros, Madrid, 2002

A.A.V.V. "Sources", en *The New Grove Dictionary of Music and Musicians*. (1980). Vol. 17, (pp. 676-77) BAGÉS, J.: "La música contemporánea: un reto para la documentación". En *Scherzo*, Año XVIII, N 170. Diciembre 2002. (pp. 118-119)

CARRERAS, J.J.: "La historiografía artística: la música", *Teoría de la historia de la literatura y el arte*, Aullón de Haro, P. (Ed.).

CASINI, C.: *El arte de escuchar la música*. Paidós Ibérica, Barcelona, 2006.

COPLAND, A.: *Cómo escuchar música*. Fondo de Cultura Económica. Madrid, 1994.

CHION, M.: *El sonido*. Paidós, Barcelona, 1999.

DALHAUS, C.: *Fundamentos de la historia de la música*. Barcelona, Gedisa Editorial, 1997.

DALHAUS, C.: *Estética de la música*. ed. Reichenberger. Kassel, 1996. (Traduc. en castellano).

FOREMAN, Lewis (Ed): *Information Sources in Music*. K.G.Saur, München, 2003

GARCÍA LABORDA, J.M.: *La música moderna y contemporánea a través de los escritos*

KERMAN, J.: *Musicology*. London: Fontana Press, 1985.

MEYER, L.: *El estilo en la música. Teoría musical, historia e ideología*. Madrid, Ediciones Pirámide, 2000.

RAYNOR, H.: *Una historia social de la música. Desde la Antigüedad hasta Beethoven*. -Madrid, Siglo XXI, 1986.

SCHAEFFER, P.: *Tratado de los objetos musicales*. Alianza, Madrid, 1988.

ZAMACOIS, J.: *Temas de estética y de historia de la música*. Idea Books. Barcelona 2003.